

# HISTORIA DA FILOSOFÍA

## CURSO 2020-21

# TEMA 2: FILOSOFÍA

## ANTIGA (II)

# ARISTÓTELES



**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  
(PREGUNTAS TEÓRICAS ABAU)**

**1) FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES**

**2) ÉTICA E POLÍTICA EN ARISTÓTELES**

# TEMA 2: FILOSOFÍA ANTIGA II: ARISTÓTELES

## ESQUEMA XERAL

### **A.-** MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

A.1.- SITUAR O AUTOR NO MARCO HISTÓRICO-CULTURAL E FILOSÓFICO DA SÚA ÉPOCA

A.2.- ARISTÓTELES E OS PRESOCRÁTICOS

A.3.- O TRÁNSITO CARA O MUNDO HELENÍSTICO

### **B.-** PREGUNTAS TEÓRICAS + [RELACIÓN COA HISTORIA DA FILOSOFÍA]

**B.1.- FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES**

**B.2.- ÉTICA E POLÍTICA EN ARISTÓTELES**

### **C.-** TEXTOS ARISTÓTELES

### **D.-** FRASES CÉLEBRES DE ARISTÓTELES



# TEMA 2: FILOSOFÍA ANTIGA II: ARISTÓTELES

## A.- MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

### A.- 1.- SITUAR O AUTOR NO MARCO HISTÓRICO-CULTURAL E FILOSÓFICO DA SÚA EPOCA

#### Contexto histórico

##### **A HEXEMONÍA DE MACEDONIA.-**

Finalizada a guerra do Peloponeso comezou a **supremacía de Esparta**. No 371 a. C., Esparta foi desprazada por Tebas, pero a súa hexemonía durou poucos anos.

No ano 356 a.C. (s.IV.a.c.), **Filipo II usurpou o trono a Macedonia, un reino rural pero rico do norte da Hélade**. Filipo iniciou unha **EMPRESA EXPANSIONISTA INSPIRADO POLO SOÑO DUNHA CONFEDERACIÓN PANHELÉNICA**, unida en torno a un **OBXECTIVO COMÚN: DEFENDERSE FRONTE Á SUPOSTA AMEAZA PERSA**.

A tarefa de Filipo atopou a resistencia dunha liga helénica que consideraba bárbaros aos macedonios. Pero no 338 a.C., na batalla de Queronea, a liga de cidades gregas foi totalmente derrotada.

Tras a súa vitoria definitiva, o monarca estableceu a **“PAZ PANHELÉNICA”** nun congreso das cidades gregas celebrado en Corinto.


A liga de Corinto proclamou a **autonomía das cidades confederadas**, e **Filipo asumiu o papel de líder máximo e supremo comandante militar en caso de guerra**.

Dous anos despois, **Filipo foi asasinado, e o seu novo fillo, de só dezoito anos, ALEXANDRE III DE MACEDONIA, ACCEDEU AO PODER**. Alexandre, que recibirá **AS ENSINANZAS DE ARISTÓTELES** por empeño do seu pai, pasou á posteridade como **ALEXANDRE MAGNO**.

Alexandre **EMPRENDEU A CONQUISTA DE TODO O MUNDO COÑECIDO CARA A ORIENTE E, EN VIDA, FÍXOSE PROCLAMAR “DEUS”**. Fundou a cidade de **Alexandría**, no delta do Nilo, en Exipto, que se converteu nun gran centro de difusión cultural.

No seu avance cara á India, que non alcanzou, someteu a innumerables pobos e reinos. **CONTRA AS ENSINANZAS DE ARISTÓTELES, PLANEOU ALCANZAR UNHA “UNIÓN DE CORAZÓNS” DE TODOS OS POBOS, GREGOS E BÁRBAROS, QUE INFLUÍU NO COSMOPOLITISMO DOS ESTOICOS**.

#### **MAPA IMPERIO ALEXANDRE MAGNO**



**ALEXANDRE MAGNO MORREU NO 323 A.C., E ENTÓN O IMPERIO QUE CONSTRUÍRA DESMEMBROUSE EN REINOS INDEPENDENTES.**

**A polis no sentido clásico desapareceu co imperio e CEDEU O SEU LUGAR Á ORGANIZACIÓN IMPERIAL E MONÁRQUICA. Os límites da cidade quedaron pequenos e desapareceron. É o INICIO DO PERÍODO HISTÓRICO DENOMINADO “HELENISMO”.**

O novo ideal político xa non dispón aos homes en torno á ágora, SENÓN **ARREDOR DO REI**, CUXO PODER E DOMINIO NON SE REDUCE A ESTA OU AQUELA CIDADE. O SEU ESPAZO É A TOTALIDADE DO TERRITORIO, E AS CIDADES, UN INSTRUMENTO PARA O ENGRANDECIMENTO E A CONSOLIDACIÓN DO IMPERIO.

**A reflexión sobre o ser humano como cidadán da polis que se gobernaba a si mesma rematou con Aristóteles. Alexandre abriu o camiño cara á reflexión en torno ao ser humano como individuo.**

### **Contextualización do autor e da súa obra**

**No século IV a. C. Macedonia constituía una pequena pero ambiciosa potencia, cuxos monarcas guerreiros soñaban con estender o seu territorio. O pai de Aristóteles, NICÓMACO, foi médico do rei de Macedonia. Isto explica as relacións de Aristóteles coa familia real. A profesión do seu proxenitor debeu de influír no interese que manifestou Aristóteles polas ciencias da natureza. O rei Filipo, pediu a Aristóteles que se encargara da educación do seu fillo, Alexandre, o futuro Alexandre Magno. Atenas é outra das referencias importantes na súa biografía. A CIVILIZADA E DEMOCRÁTICA ATENAS, CONSIDERABA A MACEDONIA COMO UNHA TERRA DE SEMIBÁRBAROS E RECEABA DELA. A vida de Aristóteles discorreu entre estes dous mundos en constante conflito: era un home que se atopaba moi preto do poder macedonio, pero, como brillante intelectual, gustaba do ambiente da culta e refinada Atenas.**

**Aos dezasete anos foi enviado a Atenas para estudar na Academia, onde permaneceu dúas décadas. Ao longo deste tempo converteuse no discípulo máis destacado de Platón, aínda que non foi precisamente un alumno dócil.**

Ao morrer Platón, Aristóteles abandonou Atenas. Viaxou primeiro a Assos de Tróade, onde casou con Pythia, sobriña e filla adoptiva do tirano-filósofo HERMIAS, que tamén era discípulo da Academia. Uns anos despois pasou a Mitilene, na illa de Lesbos. **En ámbalas dúas cidades fundou a súa escola cunha clara orientación empírica.** Este é un período interesante para a súa produción científica e filosófica, polas súas investigacións biolóxicas.

Marchou logo a Estaxira – a súa cidade natal – onde actuou como **lexislador** e un ano despois, **EN ATENAS, FUNDOU UNHA NOVA ESCOLA: O LICEO** (que recibiu este nome pola súa proximidade a un templo de Apolo Licio), **UN CENTRO ALTERNATIVO Á ACADEMIA PLATÓNICA**, coñecido tamén co nome de “perípatos” (do grego “perípatos”, que significa “paseo”), **pois os seus membros discutían paseando por unha galería cuberta** ⇨ De aí o nome de “peripatéticos”.

**O Liceo era aínda máis parecido a unha universidade, tal e como as coñecemos hoxe, que a Academia platónica. Tiña unha biblioteca e un cadro de profesores que impartían clases con regularidade e se dedicaban ao estudo e á investigación.** Contaba co APOIO ECONÓMICO DE MACEDONIA, XA QUE ERA A ÉPOCA DA DOMINACIÓN MACEDÓNICA DE GRECIA.

Aristóteles, asociado con Alexandre e co poder macedonio, foi **ODIADO POLOS ATENIENSES PORQUE O IMPERIO MACEDONIO ROMPERA COA ORGANIZACIÓN POLÍTICA DE GRECIA EN CIDADES-ESTADO E RECORTARA A SÚA INDEPENDENCIA.** Á morte de Alexandre Magno, prodúcese unha reacción contra o dominio de Macedonia. **Aristóteles foi acusado de impío e de colaboración co poder macedónico. Condenado ao exilio, abandonou Atenas e se retirou á illa de Eubea** – onde tiña unha propiedade da súa nai - onde morreu ao ano seguinte, con 62 anos de idade. Hai que sinalar que Aristóteles **se tiña afastado de Alexandre** a quen criticaba a súa autoafirmación como divindade e a destrución do modelo político das polis.

**En canto á súa OBRA**, parte da mesma perdeuse. A súa biblioteca e obra sufriron distintas vicisitudes. **Andrónico de Rodas**, undécimo director do Liceo ordenouna e publicouna co nome de *Corpus aristotélicum*.

Os seus escritos pódense clasificar da seguinte forma:

- **Lóxica:** reunidos co nome de “**Organon**”: *Categorías, Sobre a Interpretación, Primeiros e Segundos Analíticos. Tópicos...*
- **Ciencias naturais:** *Historia dos animais. As partes dos animais...*
- **Psicoloxía:** *Sobre a alma*
- **Física:** (un total de oito libros) *Sobre o ceo, Meteoros...*
- **Metafísica:** *Metafísica* (formado por 14 libros) O significado desta palabra, utilizada por Andrónico de Rodas, alude aos libros que van despois da física ( Meta- física).
- **Ética e Política:** *Ética a Nicómaco, Ética a Eudemo, Gran moral, Política* (unha colección de constitucións de 158 Estados).
- **Estética:** *Retórica e Poética.*



## A.2.- ARISTÓTELES E OS PRESOCRÁTICOS

Como temos exposto, a preocupación dos filósofos presocráticos foi fundamentalmente cosmolóxica pero a consideración da natureza é distinta da proposta por Aristóteles.

**Parménides** considerou a natureza fonte de coñecemento enganoso (“mera opinión”). Para **Platón**, mestre de Aristóteles, a natureza non pode ser obxecto de ciencia estrita porque a verdadeira ciencia só se podía ocupar das Ideas (esencias). **Aristóteles foi quen conferiu á Natureza o seu auténtico valor de fonte para o coñecemento científico.**

Só adquirimos coñecemento científico de algo, segundo el, cando coñecemos as súas **CAUSAS**. A “Física” ocúpase de establecer as causas dos seres naturais. **Os filósofos anteriores xa investigaran tres das catro causas** segundo Aristóteles refire na súa obra “Metafísica”:

- Os **filósofos xonios** fixéronse na **causa material** (**Tales** de Mileto ➤ **Auga**; **Anaximandro** ➤ **Apeiron**; **Anaxímenes** ➤ **Aire**; **Heráclito** ➤ **Lume**; **Anaxágoras** ➤ **Homeomerías**; **Demócrito** ➤ **Átomos**).
- **Platón** investigou a **causa formal** ➤ **As Ideas**, pero colocounas nun mundo diferente e deulles un carácter matemático.
- Finalmente, **Anaxágoras**, **Empédocles** e **Platón** intuiron a **causa eficiente** ( ➤ **Nous** (Mente Universal); ➤ **Amor-Odio**; ➤ **Demiúrgo**, respectivamente)
- **A aportación xenuinamente aristotélica será a CAUSA FINAL**, moi consecuente coa súa **filosofía teleolóxica** de que nos seres naturais as substancias naturais coinciden coa causa formal e eficiente.

Como conclusión: **Aristóteles incorpora aos filósofos anteriores en TRES DAS SÚAS CATRO CAUSAS, pero, a pesar disto, presenta, como dixemos, unha CONCEPCIÓN DA NATUREZA DISTINTA.**



### A.3.- O TRÁNSITO CARA O MUNDO HELENÍSTICO

Recibe este nome a **filosofía desenvolvida durante o Helenismo** (PERÍODO QUE ABARCA DESDE A CREACIÓN DO IMPERIO DE ALEXANDRE MAGNO, A FINAIS DO SÉCULO IV A. C., ATA A CONQUISTA DE GRECIA POLOS ROMANOS NA METADE DO SÉCULO II A. C E QUE PERDURA ATA O SÉCULO III D.C.).

A conquista de Grecia por Alexandre Magno terminou coa independencia das Polis gregas. Agora os cidadáns das Polis xa non viven nunhas comunidades políticas nas que poden participar activamente. Esta **falta de arraigo** na cidade reflectirase en varios aspectos da filosofía helenística:

- Cosmopolitismo:** A superación do provincianismo mediante a **REIVINDICACIÓN DO MUNDO ENTEIRO COMO PATRIA.**☛\*
- Individualismo:** A crenza de que A FELICIDADE DO INDIVIDUO NON COINCIDE NECESARIAMENTE CO BEN DO ESTADO E A COMUNIDADE NO SEU CONXUNTO. Este **individualismo**☛\* está moi lonxe dos ideais morais e políticos da época clásica.

O pensamento helenístico segue dúas vías principais:

#### 1) AS ESCOLAS ÉTICAS ATENIENSES.

As preocupacións filosóficas fundamentais refírense a **cuestións morais e á felicidade**. O tema constante é o ideal do SABIO: o filósofo que mediante o uso da súa razón consegue a VIDA BOA E O EQUILIBRIO EMOCIONAL QUE LLE PERMITE SOPORTAR FELIZMENTE AS DISTINTAS CIRCUNSTANCIAS DA SÚA VIDA; A FILOSOFÍA CONVÉRTESE NO SABER PRÁCTICO QUE FACULTA A QUEN A SEGUE PARA CHEGAR AO AUTODOMINIO E Á PAZ INTERIOR.

#### ESCOLAS HELÉNICAS (s. IV-III a.c ⇒ II-III d.c)

Despois de Aristóteles, a filosofía en Grecia faise nas chamadas **escolas helénicas** (ou helenísticas). É un tipo de filosofía que responde á crise que vive Grecia a finais do século III a.C. e comezos do s. II a.C. (Caída do Imperio de Alexandre Magno ⇒ posterior conquista de Grecia por Roma).

Ante esta crise, a filosofía vólvese **práctica**. Filosofar consiste en buscar un **ideal de vida digno para o ser humano**. Aquel que atope este ideal, pódese chamar **sabio**. Toda a Fª desta época ten un certo carácter ético, en canto buscan ese ideal de vida persoal e en canto queren responder á cuestión: **Cal será a mellor forma de vivir?**

As tres grandes escolas helénicas, chamadas por diversos autores “post-aristotélicas” son:

1ª O ESCEPTICISMO

2ª O EPICUREISMO

3ª O ESTOICISMO

1ª O ESCEPTICISMO

A corrente escéptica foi iniciada por Pirrón de Elis. **Os escépticos desconfiaban da capacidade da razón para descubrir a verdade**, pois as sensacións polas que percibimos a realidade só nos mostran a aparencia das cousas. Non se pode coñecer como son as cousas en si, e o máis aconsellable é **absterse de facer calquera xuízo (epokhé)**, pois **NON HAI NADA FALSO NIN VERDADEIRO**. Pretender

alcanzar coñecementos absolutos é unha fonte de **intranquilidade**. O único que interesa na vida é chegar a un estado no que todo o exterior a nós nos resulte indiferente.

Así que, manteñen unha actitude de rexeitamento a toda posibilidade de coñecer a verdade. A actitude correcta, é pois, **NON BUSCAR A VERDADE**. 🌟🌟

Se non se busca, chégase a un mundo de dúbidas.

**DUBIDAR É A ACTITUDE CORRECTA ANTE A VIDA**. 🌟🌟

O estado de dúbida leva ao **SUFRIMENTO**, pero para non caer neste sufrimento hai que chegar á **IMPETURBABILIDADE (EQUILIBRIO INTERIOR; ± NIRVANA; ATARAXÍA)**. 🌟🌟

A tendencia dos escépticos foi seguida en Grecia por diversas escolas: dende a de **Pirrón** nos tempos de Alexandre Magno (s.III a.c.), ata a de **Enesidemo** (sec. I-II d.c.).

## 2ª **O EPICUREÍSMO**

Esta escola toma o nome do seu fundador: **EPICURO** (341-270 a.c.).

Adoita considerarse aos **cirenaicos (Aristipo de Cirene: 435 a.c.)** como os precursores do epicureísmo.

Na Física están influídos polo **atomismo de Demócrito**.

Epicuro, o fundador desta escola, resalta a importancia do corpo como fundamento da existencia e afirma que **a felicidade do home consiste no pracer**. Este pracer baséase na EVITACIÓN DA DOR MEDIANTE A MODERACIÓN DOS DESEXOS. A felicidade conséguese mediante a elección dos praceres naturais e necesarios e maniféstase na **ataraxia** ou **serenidade da alma**. Para alcanzar este estado de serenidade, Epicuro recomenda **apartarse da política, o cultivo da amizade e a indiferenza ante os deuses**.

Pensan que a Filosofía é unha mensaxe de liberación, unha “medicina” da alma.

Con esta “medicina” Epicuro pretende eliminar varios medos:

- **O medo á MORTE**: “Morte significa ausencia de sensacións” “Afaite a pensar que a morte nada é para nós, posto que todo ben e todo mal residen na sensación e a morte é perda de sensación. Por iso, o recto coñecemento de que a morte non é nada para nós, fai amable a mortalidade da vida, non porque engada un tempo indefinido, senón porque suprime a ansia de inmortalidade”. 🌟

- **O medo ao DESTINO**

- **O medo aos DEUSES**: “Non hai que temer aos deuses”.

- **O medo á DOR**: “É fácil soportar a dor” ⇨ Refírese ao afastamento e provisionalidade da dor. 🌟

A partir de aquí poderíamos conseguir o obxectivo da filosofía epicúrea: a felicidade do ser humano. ¿Como? ↗

Mediante o **PRACER (HEDONISMO)**, que é o ben supremo para o ser humano, é o principio e o fin da vida feliz.

Pracer do corpo e pracer da alma. A maior cantidade posible de pracer. Pero pracer equilibrado.

Todo o que produza dor ⇨ malo

Todo o que produza pracer ⇨ bo.

“O pracer ao que nos referimos caracterízase pola ausencia de sufrimento corporal (agonía) e pola paz (ataraxia) da alma” (Carta a Meneceo).

O pracer vai unido ao desexo e á **AMIZADE**. Por iso, Epicuro crea unha comunidade de amigos: **O XARDÍN**.

(Pero vexamos como desconfiaba de moitos humanos: “Se deus escoitase as súplicas de todos os homes, axiña todos perecerían, pois de camiño piden moitos males os uns contra os outros”. Tampouco estaba de acordo coa aceptación do suicidio dos estoicos: “Moi pouca cousa son aqueles



que atopan moitos motivos razoables para abandonar a vida”).

### 3ª **O ESTOICISMO**

O fundador da doutrina estoica, Zenón (336-264 a. C.), impartía os seus ensinamentos nun pórtico (Stoa) de Atenas de onde procede o nome da súa escola. **O universo, para os estoicos, está rexido por unha orde cósmica (logos) e O ÚNICO QUE PODEMOS FACER É ACEPTAR AS COUSAS TAL E COMO SUCEDEN. Os estoicos entenden a liberdade como a aceptación do que é inevitable.** Esta aceptación sitúanos nunha posición psicolóxica que denominan **Apatheia** e que consistiría na **evitación da paixón e os desexos que tentan opoñerse inutilmente ao inevitable.**

Esta escola terá gran influencia no **NEOPLATONISMO**, na **PATRÍSTICA**, na **ESCOLÁSTICA** árabe e latina, no **RENACEMENTO**, na ética dos **RACIONALISTAS**, etc.

Desenvólvese ao longo de cinco séculos, sobre todo no Imperio Romano.

Vulgarmente, por estoico enténdese “aquele individuo que aguanta (o sufrimento) sen queixarse”. Os principais representantes son:

a) Estoa Antiga: **Zenón** e **Crisipo**.

b) Estoa Media: **Posidonio**.

c) Estoa Nova: **Séneca** (Córdoba; 3 a.c.- 65 d. c.; Mestre de Calígula, de Nerón) e **Epícteto**.

A escola dos estoicos continúa a **doutrina cínica** (escola socrática fundada por **Aristines**).

O ideal ético para un estoico é **vivir conforme á esixencias da razón**.

Estas esixencias non poden estar influídas en modo algún polas paixóns. Polo tanto, **as paixóns deben ser eliminadas do ser humano**.

O ideal de vida é **VIVIR SEN PAIXÓNS**, única e exclusivamente segundo o que nos diga a razón. (RAZÓN ESTOICOS = CONCIENCIA PERSOAL CRISTIÁNS).

É un ideal de vida moi duro.

Esta vida sen paixóns, será a **VIDA VIRTUOSA, SABIA. INDIFERENTE A TODA EMOCIÓN**, seguindo sempre o **DEBER RACIONAL**. Isto lévaos a **xustificar o suicidio**.

“Non debemos aferrarnos á vida, pois a boa cousa non é vivir, senón vivir ben. Por isto o sabio non vivirá tanto como poida, senón tanto como deba: el considerará onde ten que vivir, con quen e qué cousas debe realizar. Sempre pensa na calidade, non na cantidade da vida; se lle pasan cousas molestas que lle enturben a tranquilidade, é el quen sae da vida sen dubidar (...) Debemos querer a vida aprobada polos demais, a morte, sen embargo, aprobada por un mesmo: a mellor morte é aquela que agrada” (**Séneca: Cartas morais a Lucilio**).

## **2) HELENISMO CIENTÍFICO ALEXANDRINO.**

O **interese científico** polo mundo físico derivado do Liceo de Aristóteles **TRASLADOUSE NESTA ÉPOCA Á CIDADE DE ALEXANDRÍA**. Alí **as ciencias tal e como as entendemos hoxe independizáronse da filosofía** (concepto este que na antigüidade comprendía todo o saber). Constituíronse en materias autónomas, sendo favorecidas para o seu desenvolvemento polo **mecenado político grazas ao cal foron creadas aulas de investigación e institucións científicas como o MUSEO de Alexandría, que comprendía observatorios, xardíns botánicos e zoolóxicos, salas de medicamento e disección...**

O **estudo das matemáticas (Euclides, Arquímedes...)** tivo unha importancia enorme. Estes estudos favoreceron o **coñecemento da astronomía (Eratóstenes, Ptolomeo..)**. Espertouse un novo interese científico por coñecer a Terra, a súa forma, a súa situación, o seu movemento no espazo... Tamén se

fixeron estudos no campo da **medicina** e das **ciencias naturais**.

↳ No campo das **MATEMÁTICAS** destacan:

1º) **EUCLIDES** (330-275 a.c.): Aporta definicións, postulados, teoremas de xeometría plana, teoría dos números, etc.

2º) **ARQUÍMEDES** (287-212 a.c.): Un dos grandes matemáticos da Antigüidade. Destaca en Xeometría, Aritmética, Física e Enxeñería. Resolveu problemas practicamente irresolubles, sen axuda dos métodos de cálculo moderno.

Na física descubriu o principio que leva o seu nome ⇒ (buscou e berrou: “Eureka” = “atopeino!”) ⇒ “Se un corpo se submerxe en auga mansa, a auga exerce unha presión vertical de abaixo cara arriba sobre ese corpo, que é igual ao peso da auga desprazada por ese corpo”.

Arquímedes **cultivou tanto as matemáticas puras como as aplicadas á mecánica, en especial á estática e á hidrostática**. Expuxo en forma deductiva, en “Sobre o equilibrio das figuras planas”, os principios da palanca e dos centros de gravidade dos corpos, formulando o principio fundamental: “dous pesos equilíbranse a unha distancia proporcional a eles mesmos”, que lle permite dicir “**dádeme un punto de apoio e moverei a Terra**”.

3º) **APOLONIO DE PERGA** (S. I a.c.): Estudos sobre seccións cónicas.

↳ No campo da **ASTRONOMÍA** destacan:

1º) **ARISTARCO DE SAMOS** (310-230 a.c.): Ocupouse das proporcións xeométricas do Universo. **Defende o heliocentrismo**, ao afirmar a inmovilidade do Sol, en relación coas estrelas fixas, e o movemento da Terra, ao redor dunha circunferencia. Chámanlle “O Copérnico da Antigüidade”.

2º) **ERATÓSTENES** (275-194 a.c.): O primeiro que realizou unha medición científica da circunferencia da Terra, chegando a afirmar que tiña 39.375 Km. (Hoxe calcúlase: 40.008 Km.).

3º) **HIPARCO DE NICEA** (161 a.c.): Fai un mapa sistemático do firmamento; volve ao xeocentrismo. É o iniciador (en Matemáticas) da **Trigonometría**.

4º) **CLAUDIO PTOLOMEO** (90-168 d.c.): Resume toda a Astronomía grega, que logo influirá en **Copérnico**.

↳ No campo da **MEDICINA** :

-parten da tradición **hipocrática**, da **práctica médica exipcia** e da **medicina alexandrina**. (En Anatomía e Fisioloxía alcanzan un nivel non superado ata o século XVI!!).

1º) **HERÓFILO DE CALCEDONIA** (335 a.c.): Estudos anatómicos e fisiolóxicos do cerebro e do corazón.

2º) **ERASÍSTRATOS** (280 a.c.): Investiga veas e arterias.

3º) **GALENO** (129-201 d.c.): Funde as diversas tendencias alexandrinas e exerce en Roma.

~~~~~

(¿Por que o posterior declive da ciencia helenística?↳

➤ POR FALTA DE BASES ECONÓMICAS.

➤ POLA SUPERVALORACIÓN DO “MÁIS ALÁ” QUE FARÁ O CRISTIANISMO, SEGUINDO AS INTERPRETACIÓN LITERAIS DA BIBLIA.



## C.1.- FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES.

Para realizar unha análise teórica rigorosa da física e da metafísica aristotélicas, dividirei a exposición dos contidos en catro grandes apartados:

### A) HILEMORFISMO E CAMBIO. OS PRINCIPIOS DO CAMBIO.

Para Aristóteles **as cousas individuais son o único que existe.**

AS SUBSTANCIAS SON PARA ARISTÓTELES AS COUSAS CONCRETAS (este home, este cabalo, esta mesa...). Son compostos de "materia" ("HYLÉ") e de determinadas calidades esenciais ás que denomina "forma" ("MORPHÉ") (esencia).

ESTA É A BASE DA TEORÍA HILEMÓRFICA OU

**HILEMORFISMO ARISTOTÉLICO** 🌟🌟



**As substancias constitúen unha síntese dos dous mundos de Platón (sensible e intelixible).** EN TODO INDIVIDUO CONCRETO PODEMOS DISTINGUIR A MATERIA (HYLÉ) DA QUE ESTÁ FEITO E A ESENCIA OU FORMA (MORPHÉ), AQUILO QUE O FAI SER O QUE É; as calidades diferenciais e específicas que nos permiten distinguilos.

**A forma é o equivalente ao aspecto intelixible de Platón, a materia é o equivalente ao sensible.** A diferenza esencial está en que a forma en Platón ten unha existencia obxectiva e transcendente (está máis alá de...) á realidade sensible. EN ARISTÓTELES A FORMA É **IMMANENTE** (NON ESTÁ MÁIS ALÁ DE..., ESTÁ DENTRO DE...), INTERIOR ÁS COUSAS, NON TEN UNHA REALIDADE INDEPENDENTE DELAS (NON HAI FORMA SEN MATERIA NIN MATERIA SEN FORMA).

Por outra banda, Aristóteles NON ENTENDE AS FORMAS DENDE UNHA PERSPECTIVA MATEMÁTICA (Relacións numéricas cuantitativas) coma Platón. **AS FORMAS PARA ARISTÓTELES SON CUALITATIVAS, SON AS CALIDADES ESPECÍFICAS QUE FAN QUE CADA SER SEXA O QUE É** e que poderían por exemplo reflectirse nunha definición.

As substancias individuais (este home, esta cadeira...) realmente existentes (cousas) denomínanas **SUBSTANCIAS PRIMEIRAS.** 🌟

Pero na medida en que podemos coñecer as formas que teñen en común as distintas clases de cousas podemos falar de "**SUBSTANCIAS SEGUNDAS**" 🌟. Serían os **XÉNEROS E ESPECIES** que designan ás clases de cousas e que só teñen existencia como **conceptos** na nosa mente (concepto de "home", "cabalo", "cadeira"...)).

Cando estudamos o mundo que nos rodea, no proceso de coñecemento, podemos distinguir:

- Os **ACCIDENTES** 🌟 dunha cousa serían TODAS AQUELAS CARACTERÍSTICAS QUE NON SON ESENCIAIS PARA QUE UNHA COUSA SEXA O QUE É. O tipo de peiteado que usemos non é esencial para que sexamos considerados homes; é algo accidental.
- A **SUBSTANCIA** 🌟 (SEGUNDA) representa as **CARACTERÍSTICAS ESENCIAIS DAS COUSAS** (por iso se traduce a miúdo substancia por "**esencia**" ou tamén definición), aquelas características tales que se as suprimimos, a cousa deixa de ser o que é. Unha cadeira sen respaldo non sería unha cadeira.

**AÍNDA QUE CAMBIEN OS ACCIDENTES, A SUBSTANCIA (A ESENCIA DAS COUSAS) NON CAMBIA** 🌟(as persoas podemos modificar os nosos accidentes: cambiar de lugar, poñernos sombreiros, cortarnos ou tinguirnos o pelo sen deixar de ser persoas, sen mudar a nosa esencia ou substancia).

AS ÚNICAS CARACTERÍSTICAS IMPORTANTES PARA ARISTÓTELES SON AS **CARACTERÍSTICAS PERMANENTES (AS ESENCIAS OU FORMAS)** PORQUE EXPRESAN O QUE UNHA SUBSTANCIA É REALMENTE. **A CIENCIA ENCARGARASE DE INVESTIGAR AS ESENCIAS QUE CONSTITÚEN O MUNDO NATURAL.** 🌟

Todo o que existe é algunha substancia, pero **AS SUBSTANCIAS CAMBIAN E TRANSFÓRMANSE UNHAS EN OUTRAS.** Aristóteles **critica as distintas solucións ofrecidas polos filósofos anteriores a el con respecto o problema do cambio. NON ADMITE QUE TODO CAMBIE, COMO AFIRMABA HERÁCLITO, NIN QUE TODO PERMANECE, COMO DICÍA PARMÉNIDES.** 🌟🌟 **POR OUTRA BANDA, A DUPLICACIÓN FEITA POR PLATÓN, SEPARANDO O MUNDO SENSIBLE E O MUNDO INTELIXIBLE PARÉCELLE UNHA SOLUCIÓN INÚTIL.** 🌟🌟

Segundo Parménides o cambio era algo imposible e irracional, pois supoñía un paso da nada (non ser absoluto) ao ser. **Para Aristóteles este paso non é imposible.** Para explicalo introduce os conceptos de **POTENCIA E ACTO**, diferenciando entre **SER EN POTENCIA (NON SER RELATIVO) E SER EN ACTO.**

**POTENCIA (DYNAMIS):** A capacidade que posúe a materia dunha substancia de asumir unha forma distinta da que ten. A capacidade de adquirir unhas determinadas calidades.

Unha castaña é un castiñeiro en potencia (Non é – **non ser relativo**- un castiñeiro pero pode chegar a selo. En cambio, non é – **non ser absoluto**- un cabalo nin poderá chegar a selo).

**ACTO (ENERGEIA):** A realidade actual de calquera substancia. O feito de posuír determinadas calidades de xeito presente e efectivo. A castaña é agora mesmo, actualmente (en acto) unha castaña.

Aristóteles utiliza tamén o concepto de **Entelequia** para referirse ao **momento en que un proceso de cambio chegou ao seu fin.** Por exemplo cando un ser vivo medra faino para chegar a ser un exemplar adulto da súa especie; no momento en que o logra acada a súa perfección e está acabado; é unha entelequia.

O **CAMBIO (KINÉISIS)** É DEFINIDO POR ARISTÓTELES COMO **O PASO DA POTENCIA AO ACTO** 🌟 ( **EN TANTO QUE ESTÁ EN POTENCIA**) (É DICIR, EN TANTO QUE NON REMATOU AÍNDA, QUE ESTÁ EN PROCESO E NON ACABADO). TAMÉN EXPRESA ESTA IDEA COMO **"A ACTUALIDADE DO POTENCIAL"**.

Aristóteles leva a cabo unha clasificación dos **TIPOS DE CAMBIO.** Para el o cambio pode ser de dous tipos:

- CAMBIO ACCIDENTAL** é aquel no que **cambian os accidentes e permanece a substancia.** Distingue tres tipos: **De cantidade, de calidade, de lugar.**
- CAMBIO SUBSTANCIAL** consiste na **aparición ou desaparición da substancia mesma; na xeración ou corrupción** (desaparición) dunha substancia.

## B) CAUSALIDADE. A TEORÍA CAUSAL.

Para Aristóteles, **coñecer cientificamente** significa coñecer as causas que conflúen en todos os cambios dos seres e explican por que se producen.

### EXISTEN CATRO POSIBLES TIPOS DE CAUSAS 🌟:

- 1) **CAUSA MATERIAL** 🌟: A materia 🌟 na que se produce o cambio. A materia en canto está en potencia para recibir unha forma. Un bloque de mármore que se converte nunha estatua. A causa material sería o mármore.
- 2) **CAUSA FORMAL** 🌟: A forma 🌟 que se adquire no cambio. O que confire o aspecto ou calidades á materia; a súa **esencia**. A forma da estatua. Esta forma reside na mente do escultor e pode ser deseñada por el. No caso do cambio natural a forma residiría nos pais que a transmiten aos fillos. Residiría na natureza dos pais.
- 3) **CAUSA EFICIENTE**: O axente 🌟 que fai que se produza o cambio. Nos seres artificiais é sempre unha causa exterior: No noso exemplo sería o escultor. Nos seres naturais sería a propia natureza a que actúa como axente. Os pais, por exemplo, no acto da fecundación.
- 4) **CAUSA FINAL**: A finalidade 🌟 que persegue o cambio. Se non hai ningunha finalidade non pode haber ningún proceso de cambio. Para Aristóteles **TODO TENDE A UN FIN (TELEOLOXÍA)**. No noso exemplo a causa final viría dada pola figura da deusa que o escultor pretende representar na pedra. No cambio natural trataríase de lograr exemplares perfectos das distintas especies de seres.

## C) XERARQUÍA DE SERES E MODOS DE SER.

Para Aristóteles **a realidade está formada unicamente polas cousas que nos rodean. NON EXISTE UNHA REALIDADE INTELIXIBLE SEPARADA COMA EN PLATÓN.** 🌟🌟

As cousas que nos rodean son de dous tipos:

- **SERES NATURAIS** 🌟 (POR PHYSIS). Son aqueles que teñen en si mesmos o fundamento do seu cambio, movemento ou repouso. Son **aqueles que cambian ou se moven por si mesmos con independencia da intervención humana.** Unha planta cambia (medra, por exemplo) por si mesma.
- **SERES ARTIFICIAIS** 🌟 (POR TEKNÉ). **Non teñen en si mesmos o principio do seu movemento, dependen por tanto da intervención humana;** da tekne (Arte, Técnica). Son fabricados ou creados polo ser humano: unha escultura, un templo...

Ademais destes tipos de seres Aristóteles admite a existencia dunha DIVINDADE (**THEOS**) 🌟, un SER SUPREMO **NON ANTROPOMORFO** E QUE SERÍA A CAUSA FINAL DE TODOS OS CAMBIOS (MOTOR INMÓBIL). Para Aristóteles isto é todo o que existe: **OS SERES NATURAIS, OS ARTIFICIAIS E A DIVINDADE.** 🌟

## D) O MOTOR INMÓBIL.

Para a física aristotélica todo movemento precisa dun motor (causa eficiente), algo que o cause. Se todo o que se move é movido por outro, ese outro á súa vez precisa ter o seu propio motor, e así

poderíamos seguir. Como non poderíamos seguir retrocedendo ate o infinito na busca das causas eficientes temos que admitir a existencia dun primeiro motor🔴\*. **DEUS É IDENTIFICADO CON ESE PRIMEIRO MOTOR NA FÍSICA ARISTOTÉLICA.🔴\***

Tamén é considerado como **CAUSA FINAL DO MOVEMENTO**: O universo móvese pola atracción e o desexo de aproximarse á perfección. A CONCEPCIÓN DE DEUS NON É ANTROPOMORFA E NON SE PARECE EN NADA Á DO CRISTIANISMO NIN Á DA RELIXIÓN GREGA (politeísmo). DEUS É, PARA ARISTÓTELES, AQUILO QUE PON EN MOVEMENTO O COSMOS. 🔴\*

## Relación desta teoría coa historia da filosofía

A influencia que Aristóteles tivo no mundo foi extraordinaria. **TODA A ANTIGÜIDADE bebe das súas teorías.** A súa Metafísica será base filosófica da posteridade. Tanto que a súa concepción da metafísica como “ciencia que se busca” aínda é de plena actualidade.


Aínda que **Platón e Aristóteles coinciden no seu optimismognoseolóxico**, ARISTÓTELES INAUGURA UNHA TENDENCIA **REALISTA NO COÑECEMENTO** QUE SERÁ SEGUIDA TAMÉN AO LONGO DE SÉCULOS. No eido filosófico a súa reivindicación da experiencia e do seu papel no coñecemento será **inspiración dos posteriores movementos empiristas (por ex. Hume, Locke) e positivistas (por exemplo, Comte).** A súa distinción das facultades do coñecemento terá unha enorme influencia na **psicoloxía das facultades.**

A SÚA CONCEPCIÓN DAS ESENCIAS UNIVERSAIS COMO INMANENTES ÁS SUBSTANCIAS NATURAIS SERÁ A FONTE DA TEORÍA FIXISTA SOBRE AS ESPECIES IMPERANTE DURANTE SÉCULOS E QUE SERÁ FINALMENTE REBATIDA NO XIX POR DARWIN, CONFESO ADMIRADOR DO FILÓSOFO TRACIO.

**Os árabes (principalmente AVERROES) redescubriron a Aristóteles para Occidente e a través de eles pasou á FILOSOFÍA ESCOLÁSTICA.** Así atopamos unha **forte influencia da metafísica aristotélica (teoría hylemórfica e das catro causas) na de TOMÉ DE AQUINO. (A GNOSEOLOXÍA DE TOMÉ DE AQUINO é practicamente un CALCO DA ARISTOTÉLICA, agás pola súa interpretación do entendemento axente como alma inmortal da persoa.)**

No **RENACEMENTO** a súa filosofía vese opacada por un **ECLIPSE HISTÓRICO MOMENTÁNEO.** Os novos conceptos científicos o levan a un segundo plano. PERO O SEU INFLUXO, AÍNDA QUE XA NON NA FÍSICA, SEGUIRÁ VIXENTE NO PENSAMENTO FILOSÓFICO DOS GRANDES PENSADORES, EN **LEIBNIZ, EN HEGEL, ETC.** Efectivamente respecto da física hai que dicir que **aínda que ao longo de menos séculos, a súa filosofía INFLUÍU NA CIENCIA ANTIGA E MEDIEVAL, e non precisamente nun sentido positivo.** A súa concepción da ciencia como coñecemento por causas tivo unha repercusión **negativa no desenvolvemento da ciencia cara á súa constitución como ciencia moderna.**

**A NOVA CIENCIA TIVO QUE LOITAR CONTRA OS PREXUÍZOS DUNHA FILOSOFÍA ARISTOTÉLICA ESCLEROSADA QUE NON ACEPTABA ABANDONAR AS EXPLICACIÓNS CIENTÍFICAS POR MEDIO DAS CAUSAS FORMAIS OU ESENCIAS.🔴\*🔴\*🔴\*** Cando a nova visión da ciencia triunfou, a explicación científica pasou a entenderse coma unha explicación por correlacións funcionais de carácter matemático.



## B.2.- ÉTICA E POLÍTICA EN ARISTÓTELES

Para realizar unha análise teórica rigorosa da ética e da política aristotélicas, dividirei a exposición dos contidos en dous grandes apartados:

### A) A ÉTICA ARISTOTÉLICA

A ética é considerada por Aristóteles unha **CIENCIA PRÁCTICA** (non teórica como a física ou a metafísica), é dicir, que establece NORMAS PARA ORIENTAR O COMPORTAMENTO HUMANO (PRAXE). Non parte coma en Platón de formulacións intelectualistas baseadas no coñecemento teórico (obra xustamente quen **coñece** a idea de xustiza). **INTERÉSASE POLA PRÁCTICA MORAL MÁIS CA POLO COÑECIMENTO MORAL.** 🌟🌟

As ideas sobre ética de Aristóteles están desenvolvidas sobre todo na obra “**Ética a Nicómaco**”.

Nas súas diferentes accións o home tende sempre cara certos **FINS (TÉLOS)** que se consideran bos e que denominamos **BENS (AGATHÓS)**. Os bens son o que o home considera como útil ou bo para a plena realización de si mesmo ou da polis. Existen fins que queremos en vista a posteriores fins, e que, por tanto son fins **relativos**. Todos eses fins deben existir en función dun **FIN ÚLTIMO OU SUPREMO**. Cal é ese ben ou fin supremo?. Aristóteles non ten dúbida de que **TODOS NOS REFERIMOS A EL COMO FELICIDADE** 🌟\* (EUDAIMONIA).

Pero **QUÉ É A FELICIDADE?** 🌟\*. Ante esta pregunta comezan as diverxencias: uns dirán que é o pracer, outros que o honor, outro que as riquezas, outros que o coñecemento do ben... **ARISTÓTELES REXEITA TODAS ESTAS POSTURAS E AFIRMA QUE A FELICIDADE NON É ALGO ÚNICO, SENÓN QUE CONSISTE EN DISTINTOS TIPOS DE VIRTUDES (ARETÉ): AS ÉTICAS E AS DIANOÉTICAS.** 🌟\*🌟\*

1/ **AS VIRTUDES ÉTICAS** CORRESPONDEN Á ALMA SENSITIVA DO SER HUMANO, RESPONSABLE DOS DESEXOS E PAIXÓNS.

A natureza común das virtudes éticas é o ser o termo medio entre dous desexos extremos 🌟\*. Aristóteles ilustra esta idea repasando algunha das virtudes que os gregos consideraban por entón como tales. Así:

O **valor** sería o termino medio entre a temeridade e a covardía.

Pero entre elas destaca pola súa importancia a **xustiza**. A xustiza é un termo que ten varios significados. Hai unha xustiza **xenérica**, a denominada **xustiza legal**, que consiste no cumprimento das leis.

Pero ademais hai tres tipos específicos de xustiza:

- a) A **distributiva** ou xeométrica, que esixe que se reparta **en proporción aos méritos** e rexe na **distribución social de honores e premios**.
- b) A **conmutativa** ou aritmética, que se refire a **igualdade nos intercambios comerciais**.
- c) A **retributiva** ou reparadora, que é **a que practica un xuíz tratando de reparar danos e delitos**.

**AS VIRTUDES ÉTICAS NON PODEN DEFINIRSE DE XEITO ABSOLUTO, SENÓN QUE DEBEN ADAPTARSE A CADA PERSOA EN CONCRETO.** 🌟\*

**CÓMO SE ADQUIREN ESTAS VIRTUDES? NON É SUFICIENTE O SEU COÑECEMENTO (COMA NO INTELLECTUALISMO MORAL DE PLATÓN E SÓCRATES), É PRECISO O SEU EXERCICIO **☛☛** PARA QUE SE ESTABLEZAN COMO HÁBITOS OU COSTUMES ESTABLES.**☛☛** A xustiza adquirese obrando xustamente, o valor realizando accións valerosas... Polo tanto a **vontade desempeña un papel importante na construción dos hábitos.****

O **CARÁCTER (ETHOS)** é o **resultado dos hábitos**, que non son máis que a **repetición de actos iguais**. O carácter forxase coa práctica. O ethos é coma unha **segunda natureza que forxamos día a día a través das virtudes que imos adquirindo e que se superpoñen á nosa natureza física**.**☛**

A ética de Aristóteles refírese en última instancia á **DIMENSIÓN COMUNITARIA E SOCIAL DO SER HUMANO**, pois produce comportamentos habituais, tanto persoal como colectivamente. Estas formas de comportamento habituais son os **COSTUMES**, e configuran tamén o **carácter da colectividade**. AS VIRTUDES ÉTICAS FAN EXCELENTE O CARÁCTER TANTO DA PERSOA COMA DA SOCIEDADE.

2- **AS VIRTUDES DIANOÉTICAS** son as **excelencias que fan superior o noso coñecemento, están relacionadas coa nosa capacidade de deliberación****☛**, e polo tanto **NOS AXUDAN A ENTENDER O MUNDO E A APLICAR O CORRECTO NAS ELECCIÓNS MÁIS ACERTADAS**. Aristóteles distingue como virtudes dianoéticas:


**A PRUDENCIA:** consiste na razón práctica ou xuízo que nos permite **recoñecer os medios que nos acercan ao ben**.

**A ARTE:** capacidade de **saber facer ou producir de maneira racional**.

**A SABEDORÍA:** comprensión teórica da realidade mediante a razón contemplativa.

**A CIENCIA:** Coñecemento obxectivo daquilo que é universal e necesario e que, polo tanto, é demostrable.

**A INTELIXENCIA INTUITIVA (NOUS):** Habilidade para **captar os principios máis xerais ou axiomas da ciencia**.



## **B) A POLÍTICA ARISTOTÉLICA: A IDEA DE POLIS E A CONDICIÓN DE CIDADÁN**

ÉTICA E POLÍTICA REFÍRENSE AMBOS AO BEN DO HOME. **Só nunha Polis feliz alcanzarán a felicidade os homes. O ser humano, para Aristóteles, non pode ser feliz como individuo fóra da comunidade**.**☛**

**AS FAMILIAS** **☛**xorden da necesidade da especie humana para procrear e subsistir como especie. Esta é a **unión primeira entre homes**.

Logo xorde a **ALDEA OU POBO****☛** como agrupación necesaria para satisfacer as necesidades primarias e cotiás. Unha familia non pode procurarse a si mesma todo o necesario.

A **CIDADE-ESTADO (POLIS)****☛** é a culminación deste proceso. **O seu fin non é xa a subsistencia. Non se trata xa de vivir, senón de "vivir ben"; é dicir, de procurar a felicidade a todos os seus membros**.**☛☛**



Para Aristóteles a cidade perfecta DEBERÍA TER UNHA MEDIDA HUMANA en referencia á súa poboación (os cidadáns deben poder coñecerse todos entre si) e ao seu territorio (debe ser abarcable coa vista).🌟🌟🌟

Constituír un Estado só é posible se se dota á comunidade dun sistema de goberno, dun marco adecuado de leis e institucións que regulen a convivencia e permitan a plena realización da natureza humana e o seu fin último que é a felicidade. A XUSTIZA É A VIRTUDE QUE ASEGURA E CONSOLIDA A ORDE NA POLIS, HARMONIZANDO EQUITATIVAMENTE OS DEREITOS E OS DEBERES DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE.

**ILLADAMENTE, COMO XA DIXEMOS, OS HOMES NON PODEMOS LOGRAR O NOSO FIN: A FELICIDADE. NECESITAMOS DA COMUNIDADE POLÍTICA PARA CONSEGUILO: SOMOS ANIMAIS POLÍTICOS (ZŌON POLITIKÓN), QUE DESENVOLVEN OS SEUS FINS NO SEO DUNHA COMUNIDADE.**🌟🌟🌟

E a razón pola que o home é un animal político en maior grao que calquera animal gregario é que **O HOME É O ÚNICO ENTRE OS ANIMAIS QUE POSÚE O DON DA LINGUAXE.**🌟🌟🌟 A simple voz pode indicar sentimentos de pena e pracer e, xa que logo, posúena tamén os demais animais pero a linguaxe ten o fin de indicar o proveitoso e o nocivo e, por conseguinte, tamén o xusto e o inxusto. **AS LEIS SON LINGUAXE SOCIAL E COMPARTIDO POR TODOS.** A tarefa do lexislador será precisamente estipular as leis e facelas cumprir. En toda sociedade hai sempre un **elemento coactivo.** A LEI NON DÁ SÓ DEREITOS; TAMÉN IMPÓN DEBERES.

Segundo Aristóteles, desde o punto de vista do individuo como membro dunha comunidade, **O ESTADO É ANTERIOR AO INDIVIDUO**🌟🌟, do mesmo xeito que o todo é anterior ás partes que o compón. O Estado é concibido como UN GRAN ORGANISMO AUTOSUFICIENTE E AUTÓNOMO. **ESTA PRIORIDADE É DEBIDA A QUE SÓ O ESTADO SE BASTA A SI MESMO, É DICIR; O ESTADO É AUTÁRQUICO E O INDIVIDUO E A FAMILIA NON O SON.** O ESTADO EXISTE NATURALMENTE.

Aristóteles fixo unha **ANÁLISE DAS DISTINTAS FORMAS DE GOBERNO** dos Estados da súa época:

| <b>Formas de goberno</b> |                    |                      |                     |                   |
|--------------------------|--------------------|----------------------|---------------------|-------------------|
|                          | Orde de Perfección | Foma de Goberno      | Fin o que tende     | Soberano          |
| Rexímenes rectos:        | 1º                 | República / politeia | Interese común      | A maioría         |
| Conforme á xustiza       | 2º                 | Monarquía            | Interese común      | Un individuo      |
|                          | 3º                 | Aristocracia         | Interese común      | A minoría (elite) |
| Rexímenes despóticos:    | 4º                 | Tiranía              | Interese do monarca | Un só individuo   |
|                          | 5º                 | Oligarquía           | Interese dos ricos  | A minoría (ricos) |
| Degradacións             | 6º                 | Democracia           | Interese dos pobres | A maioría         |

A política de Aristóteles é polo tanto pragmática, non existindo ningunha forma boa en si mesma, senón que as circunstancias e a historia da cidade determinarán cal delas se ciñe mellor o obxectivo ético da organización política.

CUANTITATIVAMENTE, poden darse distintas clases de gobernos, **dependendo do número de gobernantes:** un só, uns poucos ou a maioría e CUALITATIVAMENTE, estas formas poderán ser xustas

ou inxustas, atendendo a se a súa mira está posta no ben particular ou no ben común.

A **MONARQUÍA** é a **forma xusta de goberno dun só home**. A **ARISTOCRACIA** é o **goberno xusto duns poucos**: "os mellores" ou aristoi. A **POLITEIA** é a **forma xusta do goberno do demos ou pobo**.

SON TRES FORMAS XUSTAS PORQUE MIRAN O BEN E O INTERESE COMÚN. Cando estas tres formas SE DESVÍAN DA XUSTIZA E SE ORIENTAN AO INTERESE PARTICULAR DEXENERAN respectivamente **nas seguintes formas inxustas** de goberno: **TIRANÍA, OLIGARQUÍA E DEMOCRACIA**.

Aristóteles dá a seguinte definición de **ciudadán**: **“É o que participa activa e pasivamente no goberno; en cada réxime é distinto, e no mellor de todos é o que é capaz e decide obedecer e mandar con miras a unha vida acorde coa virtude”**.

Para Aristóteles, **CIDADÁN É O QUE TEN DEREITOS E DEBERES POLÍTICOS**; que participa activa e pasivamente no goberno. Para ser cidadán é preciso tomar parte na administración dos asuntos públicos e tamén respectar as leis da Polis.

**En cada réxime a cidadanía é distinta** porque depende da forma política imperante: Se o poder político o ten a oligarquía a cidadanía adquirese pola cuantía da fortuna. A maior parte da poboación libre non podería acceder nesta forma de goberno ao exercicio dos dereitos políticos.

Se a forma de goberno é a democrática, como en Atenas, **SON AS PERSOAS LIBRES (EXCLUÍNDO ESCRAVOS, MULLERES, NENOS, ESTRANXEIROS...) AS QUE PARTICIPABAN NAS INSTITUCIÓNS POLÍTICAS E POR TANTO CONSIDÉRANSE CIDADÁNS.**🌟🌟

A **TEORÍA POLÍTICA ARISTOTÉLICA É "NATURALISTA"** : **FRONTE AOS SOFISTAS QUE AFIRMABAN QUE A SOCIEDADE ERA PRODUTO DUN PACTO, ARISTÓTELES DEFENDERÁ QUE A SOCIEDADE ORIXÍNASE PORQUE OS INDIVIDUOS SON SOCIAIS POR NATUREZA.**🌟🌟 Aristóteles defenderá un organicismo social: **o Estado é como unha especie de "ser natural" que non aparece como resultado dun acordo convencional entre homes (contractualismo), senón que é connatural ao home (naturalismo), é dicir, pertence ao seu mesma esencia ou natureza.**

**O MODELO POLÍTICO QUE DEFENDE É UNHA ARISTOCRACIA** NA QUE SO SERÁN CIDADÁNS AQUELES QUE TEÑEN A NATUREZA ADECUADA E DISPOÑEN DO TEMPO LIBRE SUFICIENTE PARA DEDICARSE A TAREFAS POLÍTICAS (OS MÁIS CAPACITADOS DE ENTRE OS RICOS).🌟🌟🌟

## **Relación da ética aristotélica coa historia da filosofía**

A filosofía aristotélica en xeral, e a ética aristotélica en particular, son **CRISTIANIZADAS POR TOMÉ DE AQUINO** NO SÉCULO XIII e cobran unha enorme **influencia no pensamento occidental** que ata entón estaba máis influenciado por Platón e os neoplatónicos.

**A ética de Tomé de Aquino semella á aristotélica en que tamén representa un eudemonismo sustentado na práctica das virtudes.** O seu carácter cristiá fai que a felicidade suprema se entenda como contemplación de Deus , máis que como a mera actividade intelectual e metafísica (Aristóteles). Así mesmo ás **virtudes éticas e dianoéticas Tomé engade as virtudes sobrenaturais.**

**A CONCEPCIÓN ANTROPOLÓXICA DE ARISTÓTELES XERARÁ UNHA FORTE POLÉMICA PORQUE AÍNDA QUE INFLÚA NO CRISTIANISMO ESTE NECESITA SALVAR O CARÁCTER INMORTAL DA ALMA.**🌟 O intérprete musulmán de Aristóteles, **AVERROES**, e os seus seguidores **OS AVERROÍSTAS**

**LATINOS** alimentaron o lume coa afirmación, por parte destes últimos, da **mortalidade da alma**.  
☛☛Tomé cristianizará a interpretación de Aristóteles ao asumir deste a división tripartita da alma en vexetativa, sensitiva e intelectual. Pero a alma intelectual será reinterpretada por Tomé en clave de **entendemento axente inmortal**.☛☛

O eudemonismo e o ser unha ética da virtude fan da ética aristotélica –dende o punto de vista kantiano- unha ética material cuxo fin da acción moral sería xustamente a obtención da felicidade e cuxos imperativos hipotéticos expresarían a necesidade de practicar as virtudes para obter a felicidade buscada. **FRONTE A EL KANT DEFENDERÁ UNHA ÉTICA FORMAL E DE IMPERATIVOS CATEGÓRICOS.**

A concepción do individuo como produto do desenvolvemento dun carácter e a do ben moral como propio dunha comunidade de persoas vinculadas mediante unha práctica está de actualidade nalgunhas éticas contemporáneas, como a **ÉTICA DA VIRTUDE DE ALASDAIR MACINTYRE**.

Precisamente ese vínculo entre o particular e comunidade resulta tamén propio das **PRESENTES ÉTICAS DA XUSTIZA**.

## **Relación da política aristotélica coa historia da filosofía**

Cando Aristóteles definiu ao home como **animal político** pretendía dicir que **o home formaba parte da súa totalidade social e non o concibía como individuo caracterizado por ou con dereito a un “eu privado”**. Para os gregos HOME E CIUDADÁN SIGNIFICABA EXACTAMENTE O MESMO, do mesmo xeito que participar na vida da polis significaba “vivir”. **A LIBERDADE ERA ENTENDIDA NUN SENTIDO POLÍTICO, NON DE XEITO PERSOAL**. Por iso **tampouco podemos entender a democracia dos gregos no sentido actual**. A polis era unha cidade-comunidade e a politeía significa á vez os cidadáns e a estrutura da polis. Se cadra **DENDE ESTAS CRAVES RESULTA MÁIS FÁCIL ENTENDER A LEXITIMACIÓN ARISTOTÉLICA DA ESCRAVITUDE OU DA INFERIORIDADE DA MULLER, QUE HOXE EN DÍA NOS RESULTAN INADMISIBLES**.☛☛

A política de Aristóteles caracterízase pola súa **concepción organicista do Estado**, a **vinculación de ética e política** – ou o que é o mesmo de **individuo e sociedade**- e a sociabilidade natural do ser humano. Nestas ideas **CONCORDA COA ANTIGÜIDADE, AGÁS COS SOFISTAS QUE XA NO SEU TEMPO REIVINDICARON O CARÁCTER ARTIFICIAL DA SOCIEDADE**.

FRONTE O SEU MESTRE **PLATÓN**, ARISTÓTELES OPTOU POR UNHA METODOLOXÍA MÁIS EMPÍRICA NA OBSERVACIÓN E ESTUDO COMPARADO DAS CONSTITUCIÓNS REALMENTE EXISTENTES.

INFLUÍU NOTABLEMENTE NA POLÍTICA DE **TOMÉ DE AQUINO**, ESPECIALMENTE NA SÚA CONCEPCIÓN DA LEI NATURAL.

A partir de **MAQUIAVELO** apréciase a **ruptura do vínculo entre ética e política** e esta pasará a entenderse polo filósofo florentino en termos de poder e mantemento deste. Así mesmo rexeitará a **concepción naturalista da sociedade** que continuará esquecida nas **TEORÍAS CONTRACTUALISTAS MODERNAS**, que se caracterizan polo recoñecemento do individuo e das súas liberdades persoais e por abrir paso a unha concepción da democracia indirecta e representativa.



## **C) TEXTOS**

### **ARISTÓTELES, texto 1**

#### **Física, Libro II-3 194b-195a**

Feitas estas distincións, cómpre examinar as causas, cales e cantas son. E xa que se trata de coñecer, e non cremos ter coñecemento de algo sen antes ter captado en cada caso o porqué (e isto vén sendo captar a causa primeira), é evidente que nós temos que facelo coa xeración e a destrución e con todo cambio natural, a fin de que, coñecendo os seus principios, intentemos encamiñar ata eles cada unha das nosas investigacións.

Nun sentido (1) chámase causa a ese constitutivo inherente do que se fai algo, coma tal o bronce da estatua e a prata da copa e os seus xéneros.

Noutro sentido (2) é a forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia e os seus xéneros (así a causa da octava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición.

E tamén (3) é aquilo de onde xorde o principio primeiro do cambio ou do repouso; así quen toma unha resolución é causa, o pai e causa do fillo, e en xeral o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado.

E aínda máis (4), é o fin, aquilo para o que é algo, como a saúde con relación ó paseo. Pois, por que paseamos? Dicimos que para ter saúde e, ó falar así, cremos indicar a causa. E son un medio para o fin todas as cousas que outro move; así o adelgazamento ou a purga, os medicamentos ou os instrumentos cirúrxicos, todos eles son medios para a saúde, pero hai diferenzas entre eles, xa que uns son accións e outros instrumentos.

ARISTÓTELES, *Física*, II-3, 194b-195a Trad. de Teresa Amado Rodríguez (USC)

### **ARISTÓTELES, texto 2**

#### **Ética a Nicómaco, Libro I, 1094a–1094b/1095a–1095b**

2.- Pois si existe algún fin dos nosos actos que queiramos por el mesmo, e os demais por causa del, e se nada do que eliximos depende doutra cousa –pois así chegaríase ó infinito e dese xeito o desexo sería baldeiro e inútil-, ese fin evidentemente sería o bo e o mellor. Daquela, non é certo que o coñecemento del terá un peso grande na nosa vida e que, o mesmo ca os arqueiros que apuntan a un branco, acadaremos mellor o que debemos acadar?

De ser así, hai que intentar comprender en líneas xerais cal é e a cal das ciencias ou facultades corresponde. Podería parecer que será o da principal e máis eminente. E evidentemente esta é a política. Pois ela dispón que ciencias se precisan nas cidades e cales ten que aprender cada un e ata que punto. Vemos tamén que as facultades máis estimadas dependen dela, como a estratexia, a economía, a retórica.

E xa que a política se vale das demais ciencias prácticas e ademais lexísla que cómpre facer e de que se hai que arredar, daquela o fin dela abarcará o fin das outras ciencias, de xeito que constituiría o ben do home. Pois aínda sendo o mesmo o fin do individuo e o da cidade, evidentemente será máis grande e máis perfecto acadar e gardar o da cidade, porque é estimable procuralo para un individuo, pero é moito máis fermoso e divino facelo para un pobo e para cidades. Esta é a nosa investigación, que é unha disciplina política. (...)

4.- Xa que todo coñecemento e toda elección tenden a algún ben, retomemos o asunto e digamos cal é aquel ao que tende a política e cal é o ben supremo de todos os que se poden facer. Sobre o seu nome case todo o mundo está de acordo, pois tanto o común da xente como os distinguidos dinlle “felicidade” e sosteñen que “vivir ben” e “obrar ben” é a mesma cousa ca “ser feliz”. Pero en cambio discuten sobre que é a felicidade e non o explican da mesma maneira o común da xente e os sabios, pois uns consideran que é algunha das cousas visibles e manifestas, como pracer, riqueza e dignidades, e outros outra cousa e mesmo unha única persoa pode ter opinións diferentes. Cre que a felicidade é a saúde, se está enfermo, e a riqueza, se é pobre. Os que recoñecen a súa propia ignorancia, admiran aos que din algo grande e que está por riba deles. Pero algúns cren que ademais de toda esta abundancia de bens, hai outro que existe de seu e que é a causa de que todos aqueles sexan bens.

Tal vez é inútil examinar polo miúdo todas as opinións e abonda con ter en conta as máis salientables e as que parecen ter algunha razón. Non esquezamos que os razoamentos que parten dos principios se diferencian dos que conducen a eles. Pois ben, mesmo Platón tiña dúbida e preguntábase se había que partir dos principios ou por contra encamiñarse hacia eles, como no estadio desde os xuíces ata a meta ou en sentido contrario.

Hai que comezar polas cousas que son máis doadas de coñecer. Pero estas sono en dous sentidos: unhas, para nós; outras, en termos absolutos. Se cadra temos que empezar polas que nos son máis doadas de coñecer. Por iso, o que pretende aprender satisfactoriamente sobre as cousas boas e xustas e, en definitiva, sobre a política, cómpre que estea ben guiado polos seus costumes. Pois o punto de partida é o “que”, e de estar iso craro dabondo, xa no se precisará o “porqué”. Un home así xa ten ou podería acadar con facilidade os principios. Pero aquel que non conta con ningunha das dúas cousas, que escoite a Hesíodo:

*O mellor de todos é o home que comprende todo por si mesmo.*

*É distinguido aquel que obedece a quen ben lle aconsella.*

*Pero o que nin comprende por si mesmo, nin conserva no seu ánimo o que lle escoita a outro, ese é un home inútil.*

ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, Libro I, 1094a–1094b/1095a–1095b Trad. de Teresa Amado Rodríguez (USC)

## ARISTÓTELES, texto 3

### Ética a Nicómaco Libro II, 1103a/1104a

1. Xa que existen dúas clases de virtude, a dianoética e a ética, a dianoética xorde e medra principalmente pola aprendizaxe e por iso precisa de experiencia e de tempo. En cambio a ética xorde do costume, por iso o seu nome varía un pouco do de “costume”. Deste feito resulta evidente que ningunha das virtudes éticas se da en nós por natureza, pois nada do que existe por natureza cambia por costume. Así, por exemplo, a pedra, que por natureza vai cara abaixo, no se afaría a ir cara arriba por máis que se intentase meterlle o costume tirándoa moitas veces cara arriba, nin o lume se afaría a ir cara abaixo, nin ningunha outra cousa que é de certa natureza podería afacerse a ter outra distinta. Así é que as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos de noso aptitude para recibilas e perfeccionalas mediante o costume.

Ademais, de todo o que está na nosa natureza, primeiro acadamos as capacidades e logo desenvolvemos as actividades (isto é evidente no tocante ós sentidos; non adquirimos os sentidos por ver moitas veces ou oír moitas veces, senón o contrario: usámoslos porque os temos, non os temos porque os usamos). En cambio, as virtudes adquirímolos porque antes as exercitamos, como ocorre coas demais artes. Pois o que hai que facer despois de aprendelo, aprendémolo facéndoo. Por exemplo, facémonos construtores construíndo e citaristas tocando a cítara. Así, tamén, practicando a xustiza facémonos xustos, moderados practicando a moderación e fortes practicando a fortaleza. Proba disto é o que sucede nas cidades. Os lexisladores fan bos ós cidadáns aprendéndolle certos costumes, e isa é a vontade de todo lexislador; os que non o fan ben equivócanse e niso se distingue un bo réxime dun mal réxime.

Ademais as mesmas causas e os mesmos medios producen e destrúen toda virtude, igual que na arte, pois tocando a cítara xorden os bos e os malos citaristas, e da mesma maneira os construtores e todos os demais, pois se constrúen ben serán bos construtores e se constrúen mal serán malos. De non ser así, non faría ningunha falta o mestre, senón que todos serían de nacemento bos ou malos.

Coas virtudes ocorre o mesmo: As actuacións nas relacións cos demais é o que fai que uns sexan xustos e outros inxustos; as actuacións nos perigos afacéndonos a ter medo ou a ser valentes fai a uns valentes e a outros covardes. E así é tamén cos apetitos e coa ira: Uns víranse moderados e afables e outros intemperantes e irascibles, uns por comportarse así nesas materias, os outros por comportarse doutra forma. Nunha palabra, os modos de ser nacen de actuacións semellantes. De aí que sexa preciso practicar certas accións, pois os modos de ser dependen das diferenzas entre elas. A diferenza de adquirir un modo de ser así ou doutra maneira desde a xuventude non é pouca, senón moitísima, ou mellor dito, total.

2. Así pois, xa que o presente tratado non é teórico coma os outros (pois non investigamos

para saber que é a virtude, senón para ser bos, pois doutra maneira sería inútil), cómpre investigar o tocante ás accións, como as hai que facer, pois elas son as causantes da adquisición dos distintos costumes, como xa dixemos.

Que hai que actuar de acordo coa recta razón é algo de aceptación común e que se da por suposto. Xa falaremos logo diso e do que é “a recta razón” e que relación ten coas demais virtudes (...)

Primeiramente hai que observar que estas cousas [as virtudes éticas] de natural se destrúen por exceso ou por defecto, tal como vemos que ocorre co vigor e a saúde (cómpre utilizar exemplos claros para aclarar os escuros): O exceso ou a escaseza de exercicio destrúen o vigor e, igualmente, a comida e a bebida de máis ou de menos prexudica a saúde, mentres que en cantidade moderada prodúcea, increméntaa e consérvaa. Así ocorre tamén coa moderación, a virilidade e as demais virtudes. O que foxe de todo, ten medo e non atura nada vólvese covarde, o que nada teme e se bota a todo, afoutado, o que goza de todos os praceres e non se arreda de ningún, intemperante, e o que foxe de todos, como os rústicos, un insensible. Polo tanto, a moderación e a virilidade destrúense por exceso e por defecto e consérvanse coa moderación.

ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, Libro II, 1103a-1104a Trad. de Teresa Amado Rodríguez (USC)

#### **ARISTÓTELES, texto 4** **Política, Libro I, 1252a-1253a**

1. Como vemos que toda cidade (*pólis*) é unha comunidade, e toda comunidade está constituída pra algún ben -pois todos fan todo polo que parece ser bo-, é evidente que todas apuntan a algún ben e, sobre todo, apunta ó ben máis importante a comunidade máis importante de todas e que abrangue tódalas outras: esta é a chamada cidade (*pólis*), e cidadá (*politiké*) a comunidade.

Así, non están no certo cantos coidan que o gobernante da cidade (*politikós*), o rei, o cabeza de familia (*oikonomikós*) e o amo de escravos (*despotikós*) veñen sendo o mesmo, pois pensan que difiren non polo que é propio de cada un, senón polo número alto ou baixo dos mandados, é dicir, se de poucos, é amo, pero se de máis, cabeza de familia, e de aínda máis, político ou rei, como se dese o mesmo unha familia grande ou unha cidade pequena; e no que portén a político e a rei, cando un estea por si só no poder, é rei, pero é político cando, de acordo cos principios da súa ciencia, é alternativamente gobernante e gobernado.

Pero eso non é verdade e o que dicimos será evidente nunha análise segundo o método que estamos a seguir, pois, tal coma noutros ámbitos cómpre dividirmos o composto deica chegar ós simples -as partes máis pequenas do todo-, tamén no caso da cidade polo exame dos seus compoñentes veremos mellor en que difiren os uns dos outros e se é posible

adquirir algunha pericia verbo de cada un dos enumerados.

2. (...) A comunidade perfecta de varias aldeas é xa a cidade, con, por así dicilo, a perfección de toda suficiencia (*autárkeia*), e nacida pra vivir, pero existente pra vivir ben. Por eso toda cidade o é por natureza, se tamén o son as comunidades previas, xa que ela é fin destas e a natureza é fin. Porque o que cada ser é, despois de rematada a súa xénese, é o que dicimos que é a súa natureza, por exemplo, a do home, do cabalo, da casa. Ademais a causa e o fin son o mellor, e a suficiencia é fin e o mellor.

De todo eso resulta que a cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (*zôon politikón*), e que o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home, coma o censurado por Homero coma *home sen tribo, sen leis, sen fogar*, pois quen é tal por natureza tamén e desexoso de guerra, por ser como unha peza solta no xogo das damas.

Por que o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a palabra (*lógos*). Pois ben, a voz é signo do doloroso e do pracenteiro e por eso está presente tamén nos outros animais, xa que a súa natureza chega ata ter percepcións do doloroso e do pracenteiro e a que as signifiquen os uns ós outros. Pero a palabra é pra expresar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto, porque é propio dos homes fronte dos outros animais ser o único que ten percepción do ben e do mal, do xusto e do inxusto, e doutras cousas. A comunidade en todo eso fai a familia e a cidade.

A cidade está por natureza antes que a familia e que cada un de nós, pois é de necesidade que o todo estea antes que a parte: morto o todo, non haberá nin pé nin man, se non é equivocadamente, por exemplo, se falamos dunha man de pedra, a tal man será unha man morta. Todo está definido pola súa función e pola súa capacidade, de tal xeito que, cando as cousas xa non son, non se debe dicir que seguen sendo elas, senón algo co mesmo nome. É evidente, pois, que a cidade é por natureza e antes que cada un, xa que, se cada un illado non é autosuficiente, estará na mesma posición que as demais partes fronte ó todo, e aquel que non ten capacidade de vivir en sociedade ou que nada necesita pola súa autosuficiencia, non é parte algunha da cidade, mesmamente coma unha besta ou un deus. Por natureza está en todos o impulso cara a tal sociedade, e o primeiro que a estableceu é causante de grandes bens, xa que, tal coma o home cabal é o mellor dos seres vivos, así tamén, afastado de lei e xustiza, é o peor de todos, porque a inxustiza máis inaturable é a que ten armas, e o home por natureza ten armas prá prudencia e a virtude, pero é moi posible que as empregue prós seus contrarios; por eso sen virtude o home é o máis impío e salvaxe, e o peor prás luxurias e as enchentes, mentres que a xustiza é da sociedade porque a xustiza é ordenación da comunidade política, a xustiza é decisión do que é xusto.

ARISTÓTELES; *Política*, Libro I, 1252a-1253a Trad. de J.J. Moralejo Álvarez (USC)

ARISTÓTELES, *Metafísica* 1073a 3-13  
Tradución de Teresa Amado Rodríguez (USC)]



## D) FRASES CÉLEBRES DE ARISTÓTELES

*"Adquirir desde jóvenes tales o cuales hábitos no tiene poca importancia: tiene una importancia absoluta."*

*"Algunos creen que para ser amigos basta con querer, como si para estar sano bastara con desear la salud."*

*"Cometer una injusticia es peor que sufrirla."*

*"Considero más valiente al que conquista sus deseos que al que conquista a sus enemigos, ya que la victoria más dura es la victoria sobre uno mismo."*

*"Cualquiera puede enfadarse, eso es algo muy sencillo. Pero enfadarse con la persona adecuada, en el grado exacto, en el momento oportuno, con el propósito justo y del modo correcto, eso, ciertamente, no resulta tan sencillo."*

*"El alma es aquello por lo que vivimos, sentimos y pensamos."*

*"El arte es un tipo de conocimiento superior a la experiencia."*

*"El sabio no dice nunca todo lo que piensa, pero siempre piensa todo lo que dice."*

*"El único Estado estable es aquel en que todos los ciudadanos son iguales ante la ley."*

*"Enseñar no es una función vital, porque no tienen el fin en sí misma; la función vital es aprender."*

*"En parte, el arte completa lo que la naturaleza no puede elaborar, y en parte, imita a la naturaleza."*

*"El ser humano es un ser social por naturaleza, y el insocial por naturaleza y no por azar o es mal humano o más que humano... La sociedad es por naturaleza y anterior al individuo... el que no puede vivir en sociedad, o no necesita nada por su propia suficiencia, no es miembro de la sociedad, sino una bestia o un dios."*

*Nota: De su Política. Esta cita figura al principio de El animal social, tratado de psicología de Elliot Aronson.*

*"En realidad vivir como hombre significa elegir un blanco -honor, gloria, riqueza, cultura- y apuntar hacia él con toda la conducta, pues no ordenar la vida a un fin es señal de gran necesidad."*

*"Es ignorancia no saber distinguir entre lo que necesita demostración y lo que no la necesita."*

*"La amistad es un alma que habita en dos cuerpos; un corazón que habita en dos almas."*

*"La esperanza es el sueño del hombre despierto."*

*"La inteligencia consiste no sólo en el conocimiento, sino también en la destreza de aplicar los conocimientos en la práctica."*

*"La multitud obedece más a la necesidad que a la razón, y a los castigos más que al honor."*

*"La sabiduría es causa de felicidad, porque siendo una parte de la virtud total, hace al hombre dichoso por el solo hecho de poseerla."*

*"La ventaja que sacarás de la filosofía será hacer sin que te lo manden, lo que otros harán por temor a las leyes."*

*"La verdadera felicidad consiste en hacer el bien."*

*"La virtud es una disposición voluntaria adquirida, que consiste en un término medio entre dos extremos malos, el uno por exceso y el otro por defecto."*

*Variante: "La virtud está en el punto medio entre dos extremos viciosos."*

*"Los que obran bien son los únicos que pueden aspirar en la vida a la felicidad."*

*"Los tiranos se rodean de hombres malos porque les gusta ser adulados y ningún hombre de espíritu elevado les adulará."*

*"No es la forma de gobierno lo que constituye la felicidad de una nación, sino las virtudes de los jefes y de los magistrados."*

*"No tiene ningún amigo el que tiene demasiados amigos."*

*"Piensa como piensan los sabios, mas habla como habla la gente sencilla."*

*"Platón es mi amigo, pero más amiga es la verdad."*

*"Se ama más lo que se ha conquistado con fatiga."*

*"Se piensa que lo justo es lo igual, y así es; pero no para todos, sino para los iguales. Se piensa por el contrario que lo justo es lo desigual, y así es, pero no para todos, sino para los desiguales."*

*"Todos los gobiernos mueren por la exageración de su principio".*

*"Un error mínimo al principio puede ser máximo al final."*

